

CONVOCATORIA DE PROBAS PRESENCIAIS DE AVALIACIÓN DE CARÁCTER LIBRE PARA A OBTENCIÓN DA CERTIFICACIÓN GALEGA DE COMPETENCIAS DIXITAIS EN OFIMÁTICA (CODIX)

Santiago de Compostela 23/09/2021

Publicada hoxe en DOG a Resolución da AMTEGA, pola que se convocan probas de avaliación de carácter libre para a obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática.

OBXECTO

- Obter a **certificación galega de competencias dixitais en ofimática**, tras a superación dunha **proba presencial** na cal se acreditarán os coñecementos, capacidades e destrezas definidos no **Plan formativo ofimático de Galicia**.
- Poden participar nestas probas **todas aquelas persoas maiores de 16 anos**, ou que os fagan antes da finalización do prazo de inscrición, **inscritas como usuarias da rede CeMIT**.

CONTIDOS DA PROBA

- O **temario** para a avaliación será o descrito no módulo formativo **MF0233_2 «Ofimática» (190 horas)**, asociado á unidade de competencia UC0233_2 Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación, do Catálogo nacional de cualificacións.
- A rede **CeMIT** ten publicados na súa **plataforma de teleformación** (<http://cemit.xunta.gal/ema>) os **materiais formativos** que forman parte do curso CODIX baixo a modalidade de Autoformación como material de apoio para a preparación destas probas
- As **probas de avaliación** terán lugar nas dependencias das **aulas CeMIT**, localizacións que se poden consultar na web <http://cemit.xunta.gal/centros>

SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

- **Inscricións** a través da internet na páxina web de CeMIT: <http://cemit.xunta.gal>
- Con **carácter previo** á inscrición é necesario **darse de alta como usuario/a da rede CeMIT**.
- O **prazo** para a inscrición será de **7 días naturais a partir do seguinte ao da publicación desta resolución**.
- **Soamente** se poderá presentar **unha solicitude de inscrición por persoa participante**.
- **Rematado o prazo** de inscrición e aplicados os criterios de selección que se recollen na base quinta, publicarase a **relación provisional de persoas admitidas** en cada unha das localidades na páxina web da rede CeMIT (<http://cemit.xunta.gal>), así como a **listaxe de reservas e de excluídas**.

Podes consultar a Resolución no seguinte enlace:

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210923/AnuncioG0177-150921-0001 es.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210923/AnuncioG0177-150921-0001_es.pdf)